

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Resolución do 14 de abril de 2009 pola que se lles dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos (Diario Oficial de Galicia número 249, do 24 de decembro).

1. Mediante resolucións do 18 e do 31 de marzo de 2009 do director xeral de Política Financeira e Tesouro, por delegación do conselleiro de Economía e Facenda, concedéronse as axudas polas contías que se reflicten no anexo, convocadas ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2008 e 2009 as axudas aos traballadores residentes en Galicia para a contratación dun seguro de pagamentos protexidos.

2. O financiamento das subvencións concedidas imputouse segundo a aplicación orzamentaria 07.05.621A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Único.-Dar publicidade á relación de beneficiarios de axudas concedidas o 18 e o 31 de marzo de 2009 ao abeiro da Orde do 16 de decembro de 2008, que figura como anexo.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2009.

Eugenio García Lalinde

Director xeral de Política Financeira e Tesouro

ANEXO

Axudas concedidas por resolucións do 18 e 31 de marzo de 2009

Beneficiarios/as	NIF	Importe
Mario Aníbal Clotet Doldán	X5756920-C	968,67
Josefa Fernández García	76508343-Q	172,20
Almudena López Rancoño	36147419-K	1.266,17
Miguel Cañas Rodríguez	47371214-T	315,90
Marcos Barca Andrade	79323943-W	1.121,67
Alberto Solla Polo	34637624-S	180,00
Francisco Javier Carollo Regueiro	33256840-J	147,60
Mercedes Freire Tojeiro	32676928-T	707,85
Santiago Freire Barreiro	76778839-J	925,56
Mª Josefa Suárez Fdez.	52434256-Y	831,60
Juan Carlos San Segundo Corchuelo	00691748-T	152,10
Cristina Valiño García	44838658-C	1.059,30
Pablo Barreiro Lema	34892913-G	731,50
Rubén González Pereiro	32830235-N	721,00
Xosé Manuel Becerra Pardo	33315195-V	1.254,23
Francisco Manuel Fontán López	34999099-E	545,90
Ramón Valdivieso Bernal	08997905-Y	222,20
Diego Bouzas Gronzo	44837879-T	440,00
Lucía Ben Casas	33998209-T	130,50

Beneficiarios/as	NIF	Importe
Pablo López Pita	32661489-V	180,00
José Antonio Pereira Rodríguez	76519635-S	880,00
Rosina Iglesias Dacosta	36084097-H	1.266,17
David Carballo Miño	32696013-H	162,00
José Luis Fernández Martínez	33784426-W	167,40
Marcos Blanco Vila	33344816-Z	162,00
Manuel Gonzalo Ferreiros Hermo	35457411-J	186,03
José Francisco Freire Lago	76519997-D	166,50
María Pilar Herruzo Piña	53177730-M	1.266,17
Andrés Díaz Rodríguez	44449698-J	1.591,92
Ana Belén Álvarez Vas	44460896-X	257,40
Alfonso Corral García	44089105-Z	716,48
Perfecto Alcántara Blanco	036018234-G	245,55
Ricardo Cortizas Mourón	032787682-D	1.456,42
Victoria Vicente Valle	035467070-N	131,77
Fermín Balseiro Fernández	47382969-W	166,70
Rosa María Lousas Fernández	77594838-Z	173,06
Eva María Rodríguez González	34999942-Z	1.128,92
Domingo Gómez Pérez	53161916-S	1.094,85
Francisco Javier Alonso Arcos	35465417-S	116,93
Sergio Seoane Campello	76573216-Y	140,40
María Canzobre Sánchez	32814163-V	116,93
Crizleth Jhuliemmy Pereira Rodríguez	X5262578-V	1.482,89
Nuria Andrade Vilar	79335441-T	880,16
Santiago Gustavo Martínez Luque	32698232-Y	1.097,52
Francisco Ferreiro Cabado	76575924-T	292,33
Esteban Pose Ríos	79331720-M	1.138,68
Marcial Alonso Brocos	32812213-E	116,93
Verónica Castro Trillo	47351742-D	1.285,17
Juan Carlos Carril Casas	34894721-H	1.212,29
José Luis Quiveo Arca	35460811-D	1.097,35
Óscar García López	76965850-F	1.153,60
Miguel Ángel Martínez Alcalde	76779513-Q	116,93
Emilio Otero Martínez	33208428-Q	116,93
María Dolores Pérez González	71697784-E	116,93
Luis Carlos Martínez Rodríguez	34249209-R	116,93
Manuel Lago Caamaño	78797898-J	317,90
Santiago Villar Casas	36166618-S	126,29
Jorge López Bernardo	32683347-W	1.545,95
María Flora Pombo Vide	36016674-P	114,01
Iván López Vale	44805380-T	1.585,34
María Ángeles Barbosa Aparicio	34993241-Y	672,42
Beatriz Suárez Álvarez	76712140-X	1.253,47
Diego Rial Souto	44832375-Q	147,60
Javier Fernández López	76724443-W	147,60
Alberto Gómez Cordido	34881207-M	139,40
Aurelio Belay Fernández	76826494-P	1.184,50

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 27 de abril de 2009 pola que se convocan axudas económicas para compensar gastos derivados dos accidentes de tráfico de persoal en función docente ou inspectora.

Entre as actividades propias de diversos postos de traballo encadrados no ámbito da función docente e inspectora non universitaria e da unidade técnica e determinado persoal laboral atópanse aquelas encamiñadas a garantir unha adecuada atención educativa, que exixen o desprazamento por razón do servizo deses funcionarios e persoal laboral polas estradas, utilizando necesariamente os seus vehículos parti-

culares por mor da programación do traballo, do carácter itinerante das funcións, do horario dos centros e outras.

Atendendo a esta circunstancia e coa finalidade de compensar os eventuais danos materiais, non cubertos, que sufra o citado persoal dependente desta consellería nos seus vehículos particulares, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeira.-*Obxecto.*

1. Convócanse axudas económicas para compensar os gastos derivados dos danos causados no vehículo particular como consecuencia de accidentes de circulación producidos nos desprazamentos por razón de servizo, acontecidos desde o 1 de setembro de 2008 ata o 31 de agosto de 2009, incluído.

2. Non serán obxecto de compensación a través destas axudas:

a) Aqueles supostos en que a obriga da reparación dos danos corresponda integramente a unha entidade aseguradora ou a un terceiro.

b) Os danos derivados de avarías mecánicas.

c) Os danos derivados dos accidentes acontecidos nos desprazamentos desde o domicilio ao centro de traballo e viceversa.

Segunda.-*Contía e dotación orzamentaria.*

1. O importe das axudas poderá acadar como máximo a totalidade do valor da reparación sen que, en ningún caso, poida superar o límite máximo de doce mil catrocentos oitenta e cinco euros (12.485 €).

2. A contía máxima do crédito destinado a esta convocatoria será de cento seis mil cento vinte e un euros (106.121 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.01.421A.162.05, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Terceira.-*Ámbito subxectivo de aplicación.*

1. Poderá solicitar axuda económica o persoal docente que imparta ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 2 de maio, de educación, os inspectores ao servizo da Administración educativa de Galicia, os funcionarios das unidades técnicas e o persoal non docente dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que para o desempeño do seu posto de traballo precise o desprazamento por estrada con vehículo particular e como consecuencia diso sufra algún accidente do cal deriven danos no vehículo, non cubertos adecuadamente por outro sistema compensatorio.

2. Deben entenderse incluídos, en todo caso, os seguintes empregados públicos:

-O persoal integrante dos equipos de orientación específica e dos departamentos de orientación.

-O persoal integrante dos colexios rurais agrupados.

-O persoal integrante dos centros de formación e recursos.

-O persoal que se despraza aos centros de formación e recursos (Cefores) para a realización de cursos de formación ou aos centros en que se desenvolven os cursos convocados polos citados centros de formación e recursos.

-O persoal que preste servizos en dous ou máis centros públicos, cando se desprace dun ao outro centro dentro da mesma xornada de traballo.

-O persoal que preste servizos na atención domiciliaria.

-O persoal que preste servizos dentro da mesma localidade en dous ou máis centros, na itinerancia entre ambos os centros.

-Persoal que se despraza dentro dun mesmo centro por ter máis dunha localización física.

-Os coordinadores/as de formación nos centros de traballo no exercicio das súas funcións.

-Os coordinadores/as de formación nos centros educativos no exercicio das súas funcións.

-Os titores dos ciclos formativos.

-Os liberados sindicais no exercicio das súas funcións.

-Os delegados sindicais no exercicio das súas funcións.

-O persoal de prevención de riscos no exercicio das súas funcións.

-O persoal colaborador nos comedores escolares (funcionarios ou laborais) que se desprace para a adquisición de subministracións destinados aos citados comedores.

-Os inspectores de Educación e os inspectores ao servizo da Administración educativa.

-Os funcionarios das unidades técnicas da consellería e dos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Todos aqueles titulares dos postos docentes cuxo desprazamento habitual ou ocasional sexa exixido por razón de servizo como consecuencia do cumprimento dunha comisión de servizos regulamentariamente encomendada.

Cuarta.-*Solicitudes e documentación.*

1. O procedemento iniciarase por instancia de parte interesada, mediante solicitude segundo modelo determinado no anexo a esta orde, dirixida ao director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dentro dos corenta días naturais seguintes ao da produción do accidente, e presentárase nos rexistros da consellería ou dos seus departamentos territoriais ou

en calquera dos demais lugares a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A solicitude deberá ir acompañada dos documentos que a seguir se relacionan:

- a) Copia do DNI do solicitante.
- b) Descrición detallada do accidente, especificando o lugar, a data e a hora deste.
- c) Certificación expedida polo órgano correspondente: director do centro, xefe do servizo ou programa, ou autoridade convocante, que acredite que o desprazamento se produciu por razóns do servizo e dentro do seu ámbito territorial. Nesta certificación deberá constar o visto e praxe do xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou do secretario xeral, segundo a dependencia sexa do departamento territorial ou da secretaría xeral.
- d) Orixinal ou fotocopia compulsada da factura de reparación do vehículo. A factura deberá axustarse ao disposto no artigo 15 do Decreto 206/1994, do 16 de xuño, polo que se adopta a normativa vixente en materia de prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos. No caso de presentar o seu orzamento, será emitido por un taller especializado, e non se tramitará a solicitude ata a achega da factura.
- e) Copia do permiso de circulación (anverso e reverso).
- f) Documentación acreditativa da existencia e vixencia do contrato de seguro do vehículo, en que conste o seu ámbito de cobertura e, se é o caso, o límite da franquía.
- g) Taxación pericial no caso de sinistro total.
- h) Dilixencias ou atestados practicados polos axentes ou autoridades encargadas da vixilancia do tráfico, se é o caso.
- i) Declaración xurada de non ter sido indemnizado polos mesmos danos ou, de ser o caso, xustificación do importe das indemnizacións percibidas ou recoñecidas.
- j) No suposto de baixa do vehículo deberase acher documentado xustificativo desta.
- k) Certificación bancaria que acredite a titularidade da conta en que se solicita o ingreso.

Quinta.-Comisión de valoración e criterios de adxudicación.

1. As solicitudes serán examinadas por unha comisión de valoración integrada polos seguintes membros:

-O subdirector xeral de Persoal ou persoa en que delegue, que será o presidente.

-O subdirector xeral da Inspección Educativa.

-O xefe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

-O xefe do Servizo de Persoal Non Docente.

-O xefe do Servizo de Réxime Xurídico e Recursos.

-O xefe do Servizo de Profesorado de Educación Secundaria, Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

-O xefe do Servizo de Profesorado de Educación Infantil e Primaria.

-Unha/un representante de cada unha das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

-Unha/un funcionaria/o designada/o pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que actuará como secretaria/o, con voz e voto.

2. A Comisión de Valoración fixará os criterios para determinar o importe das axudas, tendo en conta a importancia dos danos, as circunstancias e características do accidente, con especial consideración dos eventuais supostos de culpabilidade e negligencia do solicitante da axuda, así como as condicións, valor de mercado, modelo e antigüidade do vehículo, e realizará a correspondente proposta de resolución, coa indicación das contías que procedan, tendo en conta as limitacións establecidas na base segunda desta orde.

3. A comisión poderá solicitar o asesoramento daquelas persoas que, por razón da súa competencia ou cualificación técnica, considere oportuno, e pode ocasionalmente incorporalas a ela.

4. A Comisión de Valoración reunirse unha vez ao trimestre e efectuará proposta de aceptación ou de rexeitamento da axuda solicitada. Esta proposta seralles notificada as/aos interesadas/os que poderán formular alegacións a ela no prazo máximo de 10 días naturais.

5. A Comisión de Valoración, en función do número de solicitudes presentadas e da cuantificación delas, poderá efectuar proposta de pagamento, total ou parcial das axudas aceptadas na súa reunión trimestral.

Sexta.-Resolución.

1. As solicitudes serán resoltas logo das propostas da Comisión de Valoración, mediante orde do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Contra a orde de resolución das solicitudes, que pon fin á vía administrativa, caberá interpoñer potestativamente recurso de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo.

Sétima.-Pagamento das axudas.

1. As axudas aboaránselles ás beneficiarias ou beneficiarios mediante transferencia polo importe

concedido á conta corrente que figure na certificación bancaria.

Oitava.-*Compatibilidade con outras axudas.*

As axudas concedidas en virtude desta convocatoria serán compatibles con outras outorgadas para a mesma finalidade por entidades públicas ou privadas, distintas da Administración da Xunta de Galicia, sempre que o importe conxunto das axudas non supere o custo dos gastos ocasionados.

Disposición adicional

Poderían solicitar a axuda económica convocada por esta orde aquelas persoas que resultaron excluídas na convocatoria realizada pola Orde do 28 de febreiro de 2008 (DOG do 12 de marzo) por presentar a súa solicitude con anterioridade a que se efectuase a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición transitoria

Para os accidentes acaecidos con anterioridade á publicación desta orde, o prazo de corenta días naturais previsto no seu punto cuarto iniciárase o día seguinte ao da súa entrada en vigor.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Habilitación normativa.*

Facúltase a secretaría xeral para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

SOLICITUDE DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA COMPENSAR OS GASTOS DERIVADOS DE ACCIDENTES DE TRÁFICO DE PERSOAL EN FUNCION DOCENTE OU INSPECTORA (Orde do 27 de abril de 2009)		
APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
EXPÓN QUE:		
POLO QUE SOLICITA:		

....., de de 2009.

(Sinatura do solicitante)